O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandería extensiva forma parte importante da gandería galega, o extensivo abrangue animais pertencentes ao bovino, ovino e cabrún. Todos contribúen de xeito importante a manter a maleza baixo control pastando en zonas baixo arborado e de pastos arbustivos. Nin que dicir ten que o benestar animal está garantido con este tipo de gandería, así como a biodiversidade e outros valores que son apreciados pola sociedade neste momento.

Tamén é coñecido por parte das presentes que que a Política Agraria Comunitaria infiltra as nosas actividades agropecuarias, e outras moitas relacionadas co rural. Ela é a que pretende facer unha Europa libre de fitosanitarios e con diversidade de cultivos de modo que a maneira de producir nos protexa do deterioro do planeta e do cambio climático.

A PAC no seus plans estratéxicos menciona un concepto que vai ser o que nos ocupe que é a Superficie admisible, isto só significa que non toda a superficie vai ser catalogada aos efectos de cobro da PAC, polo tanto moitas das poucas hectáreas coas que conta a Galiza quedan sen recibir as axudas da PAC.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta superficie considerada admisible parece que non ten en conta o valor que aporta aos nosos montes o pasto arbustivo e baixo arboredo, como control para o lume, como mantedor da paisaxe, como garante da pervivencia do modo tradicional de produción gandeira e de pastoreo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a centrar os seus esforzos negociadores con tódalas institucións precisas para que sexa recoñecida a totalidade da superficie como admisible no caso dos pastos arbustivos e baixo arboredo, de modo que Galiza non siga a ser prexudicada pola falta de recoñecemento das súas singularidades a efectos da PAC.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 06/07/2021 10:21:13

María González Albert na data 06/07/2021 10:21:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/07/2021 10:21:34

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2021 10:21:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputada e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente ao chegar a época estival os concellos galegos vense na necesidade de procurar socorristas que permitan a apertura e funcionamento das piscinas municipais, que nos meses de verán constitúen un dos principais espazos de esparcemento e lecer da cidadanía nos que mitigar as, cada vez máis elevadas, temperaturas. No interior do país constitúen a principal alternativa (non a única) os rigores climatolóxicos.

Consonte á normativa actualmente vixente, as piscinas de uso público, como norma xeral, haberán dispor, de polo menos un socorrista, se ben, dependendo da superficie da lámina de auga dos vasos ou do número destes e da distancia que os separe, podería cumprir un número máis elevado de socorristas

Dende os últimos anos o cumprimento da medida preventiva indicada está a supor un grande obstáculo para moitos dos concellos do país. Insalvável en non poucos casos e que leva á renuncia de moitos concellos á apertura da piscina municipal, co grande prexuízo que tal implica tal decisión para a poboación do concello. Poboación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que na meirande parte dos concellos galegos vese incrementada, nas épocas do verán, tanto polo turismo, como polo importante número de emigrantes que veñen pasar os seus días de feiras aos seus lugares de orixe.

O certo é que ano tras ano estamos a ver como os concellos galegos teñen enormes dificultades para cubrir as prazas de socorristas precisas para a apertura das súas instalacións acuáticas, sen que conste a existencia de accións por parte da Xunta de Galiza destinadas a rematar con tal carencia, sen afectar -obviamente- á seguridade das persoas usuarias do servizo.

Máis unha vez as axudas da Xunta de Galiza destinadas á contratación polos concellos de persoal para o servizo de socorrismo chegan unha vez iniciado o verán, o que limita extraordinariamente as posibilidades de contratación e as condicións nas que se poda proceder á necesaria contratación. Resulta evidente que se ate finais de xuño un Concello non coñece as achegas de que vai dispor dificilmente poderá organizar o servizo, e as condicións laborais que poderá ofertar, o que condiciona o acceso do persoal necesario para o funcionamento da instalación acuática. As condicións laborais, a seguridade e fiabilidade na demanda, que permita confiar en posteriores é un elemento determinante na decisión de moitas persoas en investir na capacitación técnica que permita exercer a actividade de socorrismo, como tamén o é a necesaria asunción dos custes formativos de tal capacitación profesional.

Así a escaseza de cursos de formación e o seu elevado custe limita a oferta de persoas capacitadas para o desenvolvemento de tarefas de socorrismo e salvamento que, ante a ausencia de promoción pública de medidas formativas, vese na obriga de realizar importantes desembolsos para adquirir a capacitación necesaria para exercer unha actividade de incerta duración -en todo caso estacional- e con baixas retribucións o que dificulta un eventual retorno do investimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, entendemos que non se pode contemplar como alternativa para o incremento da oferta unha redución na formación e capacitación. O incremento na oferta terá que vir da man da mellora nas condicións laborais e de facilitar o acceso á formación, e non a costa de reducir os coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño da actividade, que o único que permitirá será avanzar na precarización laboral e nunha diminución da seguridade e calidade do servizo de salvamento, co evidente risco que implicaría para as usuarias dos espazos acuáticos.

Son varios os concellos da comarca de Valdeorras que ante a imposibilidade de atopar socorristas renunciaron á apertura das piscinas públicas, advertencia que para futuros anos xa realizaron outros moitos concellos galegos.

E por iso dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vimos presentar a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a fomentar e subvencionar a organización de curso de socorrismo que permitan a obtención do Certificación Profesional de Socorrismo; e a que a resolución da convocatoria de axudas destinadas aos concellos galegos para contratación de socorristas en praias, piscinas e espazos fluviais non se demore máis alá do mes abril do ano ao que se refira a contratación.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do GP do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/07/2021 10:30:44

María González Albert na data 06/07/2021 10:30:48

Daniel Pérez López na data 06/07/2021 10:31:00

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2021 10:31:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A posición de Vigo como capital económica de Galicia precisa a planificación, transformación e oferta de solo para actividades produtivas na cidade e na súa contorna. Neste senso, a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico e a ampliación do polígono de Balaídos son dúas accións imprescindibles para garantir o desenvolvemento de actividades produtivas tanto actuais como de futuro. Ampliacións que precisan ser completadas con novas propostas de xeración de solo industrial e de servizos, con renovacións de espazos industriais actuais, como aparece reflectido no documento de borrador de PXOM en tramitación.

A Xunta de Galicia, como responsable da política industrial, planifica e cualifica solo para actividades produtivas no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia. No caso de Vigo, parece axeitado revisar e renovar este plan sectorial, incorporando e axustando as actuacións en coherencia coas planificadas polo Concello de Vigo. Tamén parece imprescindible un papel activo da Xunta de Galicia na oferta e renovación de solo produtivo na cidade que lidera a actividade económica de Galicia.

O día 3 de xuño a conselleira Medio Ambiente visitou a cidade de Vigo e indicou que a modificación do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia permitirá, entre outras actuacións, a ampliación do polígono industrial de Balaídos en máis de 166.000 metros cadrados.

Dende o Concello de Vigo solicitaron á Xunta de Galicia que modifique o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, solicitando que se delimite a ampliación do polígono industrial de Balaídos, dita ampliación é levada a cabo pola Zona Franca e promovida polo Concello de Vigo.



O Grupo Parlamentario Socialista denuncia que nos orzamentos da Xunta de Galicia non existe, nos últimos anos, ningunha partida para crear solo industrial en Vigo. Se agora o Goberno autonómico pretende crear solo industrial na cidade, ten que indicar ó Concello de Vigo onde o quere. O único que fixo o Executivo galego é dar transferencia ao procedemento solicitado polo Concello de Vigo, sen aportar absolutamente nada na materialización do solo industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que na revisión do Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia asuma a promoción de solo para actividades produtivas no Concello de Vigo, tanto de novas actuacións ou de ampliacións das existentes.
2. Participar na renovación das implantacións empresariais existentes en Vigo, mellorando accesos, servizos, integración, eficiencia e calidade do tecido industrial actual.

Pazo do Parlamento, 5 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/07/2021 13:06:46

Noelia Otero Lago na data 06/07/2021 13:06:54

Martín Seco García na data 06/07/2021 13:07:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/07/2021 13:07:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o estado no que se atopa a fonte de Corvazal na parroquia de Santalla de Bóveda no Concello de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O castro de Corvazal é un xacemento arqueolóxico que se atopa na parroquia de Santalla de Bóveda, lugar de Cabanas, no termo municipal de Lugo. Na súa localización atópase unha fonte homónima (Fonte de Covazal) que foi descuberta a principios dos anos setenta polo propietario do predio e do castro.

Este resto arqueolóxico datado no século I, posúe un enorme valor, entre outras cuestións, porque constitúe unha estrutura hidráulica que continuaba funcionando dous mil anos despois de ser construída o que, segundo o arqueólogo e historiador Enrique Montenegro, a converte nun resto arqueolóxico vivo.

A fonte de Corvazal foi estudada pola Xunta de Galiza en agosto de 1989 a través dunha escavación arqueolóxica levada a cabo no castro. Ao longo dos anos foi o propietario do predio quen desenvolveu os labores de conservación mais non impediu que o paso do tempo fose deteriorando este ben en boa medida por ficar ao descuberto.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entidades culturais como Lugo Patrimonio e o propio arqueólogo e historiador, Enrique Montenegro, veñen advertindo do estado no que se atopa a fonte logo do falecemento en 2016 do propietario da finca. Neste senso, urxen a intervención da administración pública, nomeadamente da Xunta de Galiza, para garantir a conservación e posta en valor da fonte mais, en xeral, do conxunto patrimonial e histórico-artístico que constitúen o castro e a fonte de Corvazal e o santuario de Santalla de Bóveda, situada a escasos metros e declarada Ben de Interese Cultural desde 1985.

A finais de 2020 a Xunta de Galiza aseguraba a través dos medios de comunicación que tiña vontade de arranxar a fonte e tamén adecentar o lugar no que se atopa mais sinalaba que dependía das persoas propietarias do predio para facelo. Así as cousas, isto non aconteceu.

Porén, en xaneiro deste ano o Goberno galego anunciou a elaboración dun Plan Director para o santuario de Santalla de Bóveda coincidindo co noventa aniversario do seu recoñecemento como monumento artístico estatal. A elaboración deste plan foi sacada a licitación por un valor de 122.400 euros mais non contempla a ampliación do espazo de protección cuestión que, para o Grupo parlamentario do BNG sería un erro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Adoptar as medidas necesarias para ampliar a delimitación da contorna de protección de Santalla de Bóveda determinada polo Decreto 108/1997, do 17 de abril co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivo de abranxer o castro e a fonte de Corvazal equiparando o seu nivel de protección e conservación ao do Ben de Interese Cultural (BIC).

2. Impulsar as medidas necesarias para arranxar a fonte de Corvazal e garantir a súa conservación e mantemento, a comezar por establecer os contactos necesarios coas persoas propietarias do predio no que se atopa.

3. A ampliación do Plan Director que se está a elaborar para Santalla de Bóveda ao conxunto incluíndo o castro e a fonte de Corvazal que deberán ser, xunto co santuario, obxecto dun plan integral de conservación, mantemento, posta en valor e divulgación.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/07/2021 17:16:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2021 17:16:37





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a páxina do CRAEGA á produción de carne ecolóxica de becerro na Galiza dedícanse en torno a 150 granxas con certificación.

É sabido que a gandería en ecolóxico leva apareladas unha serie de exixencias que non ten a gandería tradicional. Non só as referidas ao cumprimento das normas marcadas nos distintos decretos europeos e estatais, senón tamén aos trámites burocráticos para acceder á certificación aos que acompañan numerosos gastos para pago de taxas, ou o uso do selo.

Poderíamos achacar á pandemia a baixada de prezos da carne convencional, certificada ou certificada en ecolóxico, mais isto sería pouco achegado á realidade.

Hai un problema xeneralizado a respecto dos prezos da carne que vén dende hai 20 ou 30 anos, xa que se incrementaron os custes de produción sen que isto repercutira no prezo dos becerros que viñan pagándose ao mesmo prezo durante demasiados anos, a COVID o único que veu foi a deixar en evidencia a febleza deste mercado.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao explicado no parágrafo anterior debemos sumar as dificultades propias de producir en ecolóxico, os pensos ecolóxicos teñen un custe de 20 ou 30 cts. máis por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo.

Queda evidenciado que a produción en ecolóxico vai unida a unha serie de concepcións vitais de respecto ao medio ambiente, mínima pegada de carbono, mantemento da paisaxe, loita contra o cambio climático e a prol da biodiversidade.

Isto non quita para que unha parte das granxas de produción de carne ecolóxica topen con dificultades importantes ante a falta de posibilidades de comercialización específica para este tipo de carne tendo que saír do circuíto ecolóxico para vender no mercado convencional. En ambos casos o prezo da carne é o mesmo, non hai polo tanto diferenciación económica que retribúa o esforzo produtivo en ecolóxico, dándose casos nos que o prezo da carne convencional é superior ao da ecolóxica.

As canais dos becerros criados en ecolóxico teñen menos peso e menos graxa que o resto, co cal aos prezos máis elevados dos pensos hai que sumarlle menor volume e peso e menos graxa de modo que todo o conxunto repercute na mingua do prezo/kg, dándose o paradoxo de que o esforzo feito leva aparellada unha perda de valor económico non canto de ser ao revés, debido a que a clasificación da calidade da canal se centra no peso, na conformación e no estado de engraxamento e non contempla as desviacións derivadas dos parámetros nutricionais da cría en ecolóxico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a levar adiante a normativa precisa que clarifique terminoloxías, protexa a produción da carne ecolóxica garantindo suficientes canles para a súa comercialización e un prezo que cubra perfectamente os custes de produción, recoñecéndolle así a estas granxas produtoras a súa contribución ao mantemento do territorio, á fixación de poboación no rural, á conservación da biodiversidade, a súa función preventiva contra os incendios, e o resto das súas múltiples contribucións á conservación do planeta e á sociedade en xeral.”

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 07/07/2021 10:41:22

María González Albert na data 07/07/2021 10:41:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/07/2021 10:41:38

Ana Pontón Mondelo na data 07/07/2021 10:41:47



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Juan Carlos Francisco Rivera, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O pasado día 21 de novembro tiñamos coñecemento polos medios de comunicación de que a xerencia da EOXI de Ourense iniciaba os trámites de apertura dun expediente disciplinario contra o Dr. Francisco Javier Castrillo, xinecólogo do Hospital Comarcal de Verín, baixo o pretexto de que o día 30 de novembro de 2019 o xinecólogo en cuestión tiña contravido presuntamente unha orde da pediatra recentemente chegada de Ourense sobre o traslado dun nado ao Complexo Hospitalario de capital.

Un feito absolutamente inocuo, por canto o meniño acabou sendo trasladado a Ourense sen ningún tipo de problema, con independencia de que tanto as matronas coma o doutor Castrillo entendían que non era necesario. Uns feitos que para nada se axustan ao expediente disciplinar incoado .

Pois ben, rematado a incoación do expediente disciplinar tivemos coñecemento a finais de xuño que que a Secretaría Xeral Técnica do Sergas vén de impoñer o xinecólogo Castrillo unha sanción de 2 días de suspensión de funcións pola comisión dunha “infracción grave“, baseada nunha hipotética desconsideración a unha compañeira feito este que nin está probado no expediente nin atende a realidade dos feitos realmente acontecidos, conculca a presunción de inocencia da persoa sancionada nin atende o manifestado pola testemuña da matrona presente no momento no que aconteceron os feitos.

Con independencia de que a sanción non é firme en vía administrativa e que de seguro será recorrida polo interesado, o razoable, o xusto e ponderado é que este expediente sexa arquivado de inmediato, impedindo que unha persoa honorable e respectada como é o Dr. Castrillo vexa manchado seu expediente profesional cunha sanción absolutamente inxusta e improcedente.



Por que o realmente certo é que detrás do inicio e resolución deste expediente disciplinar se achanta, vinte meses despois, o intento de axustar contas con quen manifestou unha posición discrepante coa dirección do Sergas e nomeadamente co xerente da EOXI, Sr. Ruibal Fernández, a respecto do peche do paridoiro de Verín; peche que como é público e notorio non aconteceu gracias a presión e rexeitamento unánime de toda a Comarca de Monterrei.

Unha comarca que foi quen de defender a sanidade pública, diante da sen razón empregada pola Xunta de Galicia de querer pechar un paridoiro absolutamente indispensable e necesario, tal como amosan os datos de nacementos do ano 2020.

Dende o Grupo Socialista, reiteramos que máis que un expediente disciplinar o verdadeiramente merecente para o Dr. Castrillo é un monumento por parte da sociedade, pola súa profesionalidade, pola súa honestidade e polo seu compromiso coa sanidade pública.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Arquivar, de xeito inmediato, o expediente sancionador incoado ao xinecólogo do Hospital de Verín dado que dos feitos relatados no mesmo non se acredita a comisión de infracción grave de ningún tipo.
2. Recoñecer publicamente a honestidade, capacidade e pericia profesional de todos os facultativos do Hospital de Verín, nomeadamente dos xinecólogos, unha vez que estes foron postos en cuestión polos responsables do Sergas coma argumento para o peche do paridoiro de Verín.

Pazo do Parlamento, 07 de xullo do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Carmen Rodríguez Dacosta

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/07/2021 11:27:13

Julio Torrado Quintela na data 07/07/2021 11:27:22

Marina Ortega Otero na data 07/07/2021 11:27:30

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/07/2021 11:27:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/07/2021 11:27:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a eliminación de profesorado e peche de grupos educativos no CEIP Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Xosé Manuel Folla Respino é o único centro escolar no concello de Vilamartín de Valdeorras; un concello con 1.812 habitantes situado na comarca máis oriental de Galiza. Este centro pechou o 30 de xuño con 21 alumnas e alumnos matriculados para o curso 21/22, o que levou á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a anunciar a eliminación de todas as prazas de profesorado especializado que estaban vinculadas ao centro.

Así, un centro que a día de hoxe contaba con 4 profesionais pasará, se ninguén o remedia, a principiar o curso en setembro con só 2 profesores e medio perdendo polo camiño todo o profesorado especialista o que levará, entre outras cuestións, á perda do director do centro que está especializado en educación física.

Este feito trae consigo un inevitábel proceso de deterioro da calidade do ensino ao propoñerse para o próximo curso a existencia de só dúas aulas de infantil e primaria. Unha que acollería a todo o alumnado de infantil unido ao de 1º de Primaria (con 9 nenas e nenos) e unha segunda aula que unificaría ás nenas e nenos de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Primaria. Este último grupo unirá cun único docente a rapaces de entre 6 e 12 anos. Deste xeito resulta evidente que a atención escolar decaerá de xeito acusado.

Esta problemática é afrontada pola Xunta de Galiza de xeito expeditivo condenando ao CEIP Xosé Manuel Folla á desaparición en poucos anos e aos nenos e nenas que xa están matriculadas nel a un ensino condicionado pola falta de recursos humanos e materiais que en ningún caso garante o servizo público que a Administración galega está obrigada a proporcionar nin a igualdade de acceso a un ensino público de calidade.

Así as cousas a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade xa ten anunciado que independentemente do número final de matriculadxs que poida facerse efectivo en setembro non ten pensado modificar a decisión de eliminar o profesorado especialista no colexio de Vilamartín.

Esta planificada política de desmantelamento posta en marcha pola Xunta de Galiza sérvese do único criterio das ratios de alumnado para pechar aulas e colexios, o que está a supor un problema xeneralizado no rural galego condenando aos colexios das contornas rurais á progresiva desaparición e polo tanto colaborando co despoboamento.

A decisión da Consellaría está a provocar un enorme malestar na comunidade educativa e no conxunto da cidadanía de Vilamartín de Valdeorras, deixando ás claras de novo o desprezo do Partido Popular cara calquera tipo de diálogo coa comunidade educativa e a propia supervivencia do rural neste país. Ao tempo, redunda no xa triste balanço destes anos de Goberno de Alberto Núñez Feijoo no que atinxe ao ensino galego; sumando récorde de recortes en aulas, escolas e profesorado eliminado; empobrecendo inexorablemente o sistema educativo deste país e nomeadamente o do medio rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG vemos con indignación este ataque frontal ao CEIP Manuel Folla Respino de Vilamartín; ataque que resulta inaceptábel para as familias usuarias do centro e que non oferta máis posibilidades ao concello de Vilamartín que avanzar a pasos axigantados cara o despoboamento e o abandono.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Rexeitar a proposta do servizo de Inspección de suprimir as especialidades de profesorado no CEIP Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras
- Que manteña a actual estrutura do CEIP Xosé Manuel Folla Respino cunha unidade de infantil e 3 unidades de Primaria
- Que modifique o seu sistema de ratios para bonificar aos centros do rural de Galiza pola función estabilizadora de poboación nas súas respectivas localidades.”

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/07/2021 17:13:10

María González Albert na data 07/07/2021 17:13:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/07/2021 17:13:23

Noa Presas Bergantiños na data 07/07/2021 17:13:32



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñado, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia leva anos traballando no mantemento dunha relación o máis estreita posible coas asociacións de pacientes, como representantes daqueles usuarios máis frecuentes da sanidade pública, para poder satisfacer as súas necesidades específicas. Así, a Orde da Consellería de Sanidade do 22 de agosto de 2011 creou o Consello Asesor de Pacientes como órgano de asesoramento do Servizo Galego de Saúde coa finalidade da mellora da seguridade dos e das pacientes, dos seus familiares e das persoas cuidadoras, fomentando os niveis de participación e facilitándolles aos e ás pacientes a información necesaria para a toma de decisións.

Dado o éxito da interlocución xerada a través deste Consello, a Xunta decidiu introducir, no proxecto de Lei de reforma da Lei de Saúde que impulsou en 2018, unha blindaxe legal deste órgano. Desde o Grupo Parlamentario Popular fomos máis aló, rexistrando unha emenda para modificar ese artigo creando tamén Consellos Asesores de Pacientes de Área, como órganos de participación das asociacións nas que se agrupan os pacientes no ámbito territorial da respectiva área sanitaria.

Esta emenda foi incorporada ao texto e os Consellos Asesores de Pacientes de Área tiveron un mandato legal de creación desde o momento de entrada en vigor desta Lei. En cumprimento da mesma, a Xunta de Galicia aprobou a Orde do 16 de outubro de 2018 pola que se regula a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes de área.

En particular, na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras no mes de decembro de 2018 procédese á convocatoria para que as asociacións nas cales se agrupan os/as pacientes desta área sanitaria se poidan integrar no Consello Asesor de Pacientes de Área.

Unha vez examinadas, o xerente da área procede a asinar a Resolución do 28 de febreiro de 2019, da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, pola que se anuncia a designación das asociacións de pacientes que



forman parte do Consello Asesor de Pacientes da Área de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, a través da que se designa a 20 asociacións.

O pasado día 2 de xuño, o Presidente Feijóo anunciou en Ourense os proxectos da Xunta para “o futuro da sanidade pública de Ourense”, entre os cales se atopaban o deseño duns novos edificios ambulatorio e administrativo. Destes edificios existe polo momento un Plan Funcional que agora deberá transformarse nun proxecto arquitectónico e, posteriormente, nunha obra de ampliación do CHUO.

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que é o momento para conseguir que ese futuro da sanidade pública de Ourense se constrúa tamén da man dos pacientes. Por iso cremos oportuno propoñer que, no paso de Plan Funcional a proxecto, estes novos edificios do CHUO incorporen espazos habilitados para o uso de asociacións que participan activamente na asistencia aos doentes da nosa área e que deben dispoñer de facilidades para desenvolver as súas actividades de educación sanitaria, formación ou realización de obradoiros dentro do Complexo Hospitalario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aproveitar o proxecto de novo edificio ambulatorio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para renovar e ampliar os espazos asociativos do hospital, incluíndo no proxecto deste novo edificio espazos de uso común para as actividades das asociacións de pacientes”.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/07/2021 17:13:34

Noelia Pérez López na data 07/07/2021 17:13:51

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 07/07/2021 17:14:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/07/2021 17:14:20

José Alberto Pazos Couñago na data 07/07/2021 17:14:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 07/07/2021 17:14:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Corina Porro Martínez na data 07/07/2021 17:15:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/07/2021 17:15:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Galicia ven sufrindo nos últimos anos a falta de médicos especialistas, fundamentalmente no ámbito da atención primaria.

Para poder atallar esta situación, vense reclamando reiteradamente a eliminación da taxa de reposición do persoal sanitario, incluso despois dun acordo por unanimidade do Parlamento de Galicia. A pesar disto, a taxa de reposición recollida nos Orzamentos Xerais do Estado era do 110%.

Galicia convocou unha oferta pública de emprego que esgotaba esa taxa centrándoa ademais en prazas de médico especialista en medicina de familia e comunitaria. E grazas a isto a porcentaxe dos médicos de primaria con praza en propiedade é moi elevada, preto do 90%.

A pesar deste esforzo hai unha importante falta de profesionais que impide que en moitos casos se poidan cubrir as vacantes necesarias nos centros de atención primaria da nosa Comunidade.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Unha peza clave para incrementar a dispoñibilidade de profesionais é a convocatoria de prazas de formación sanitaria, no 2019, despois da solicitude da consellería de Sanidade ao Ministerio de Sanidade as prazas incrementáronse ata as 472 prazas. Na convocatoria de 2020, o Servizo Galego de Saúde presentou a maior oferta feita ata o de agora na nosa comunidade, con 491 prazas.

Ademais na convocatoria de 2020 ofértanse o 100 % das prazas acreditadas de formación de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria, polo tanto, poñemos todas as nosas unidades formativas ao servizo das prazas MIR que se convocan.

Pero para poder incrementar tamén este número de prazas ofertadas, previa solicitude ao Ministerio, é necesario que se resolva a acreditación de novas unidades.

O esforzo realizado na convocatoria das OPE's así como a oferta do 100% das prazas de formación acreditadas non é suficiente, por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar:

1. Que se leve a cabo a convocatoria dunha proba de acceso MIR de forma extraordinaria.
2. Do mesmo xeito e tendo en conta o establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade e na Lei 16/2003, do 28 de maio, de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde, ao sinalar que toda a estrutura do sistema sanitario estará a disposición das ensinanzas de grao, especializada e

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



continuada dos profesionais, deberán levarse a cabo as accións necesarias para habilitar, de forma extraordinaria, os centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como aos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como titores na formación de residentes”.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/07/2021 17:21:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/07/2021 17:21:21

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 07/07/2021 17:21:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/07/2021 17:21:49

José Alberto Pazos Couñago na data 07/07/2021 17:22:05

María Corina Porro Martínez na data 07/07/2021 17:22:18

María Elena Suárez Sarmiento na data 07/07/2021 17:22:31

Noelia Pérez López na data 07/07/2021 17:22:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta



durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas denunciámos a precaria situación na que se atopa a Atención Primaria de Tomiño.

Dos 8 médicos que lle corresponde ter ó centro de saúde so están pasando consulta cinco, debido a que non se substitúen as baixas e as vacacións. A situación agrávese aínda máis cando o persoal médico necesita desprazarse para facer unha consulta en domicilios particulares ou realizar saídas por motivos de emerxencia, provocando en ocasións que só queden catro facultativos no ambulatorio ou incluso menos.

É unha vergoña a atención que se presta en Tomiño aos seus veciños e veciñas, non polos traballadores sanitarios do Centro de Saúde, que multiplican o seu traballo para poder paliar a situación de falla de persoal, tendo que atender con moitos menos facultativos a unha poboación de máis de 13.000 habitantes, senón pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

A todo isto hai que engadir os problemas que teñen coas urxencias médicas no PAC de A Guarda e á falla de ambulancias medicalizadas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se cubran as baixas dos facultativos do Centro de Saúde de Tomiño, xa que están causando un gran malestar entre a súa veciñanza.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria cubrindo as prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Tomiño.
2. Dotar dunha ambulancia medicalizada para toda a comarca do Baixo Miño e así ter unha boa asistencia sanitaria.

Pazo do Parlamento, 7 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/07/2021 10:20:46

Julio Torrado Quintela na data 08/07/2021 10:20:54

Marina Ortega Otero na data 08/07/2021 10:21:01

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/07/2021 10:21:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta



durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas reclamamos á Consellería de Sanidade medidas urxentes no Centro de Saúde de Oia. A situación na que se atopa a Atención Primaria nesta vila é moi alarmante.

Das dúas médicos titulares, ámbalas dúas atópanse de baixa, unha dende o día 2 de xuño e a outra dende o día 4 do mesmo mes, ao longo duns días os servizos médicos de atención primaria foron prestados por unha pediatra, finalmente substituíuse a unha das médicas de baixa, co conseguinte deterioro do servizo e a gran carga de traballo para a mesma, ao ter que atender todo o cupo de pacientes de Oia.

Durante todo o mes de xuño, coas dúas médicos de atención primaria de baixa, só se substituíu unha, xa que a segunda só se substituíu 4 días en todo o mes. Se temos en conta que a poboación de Oia está moi envellecida cun segmento de poboación superior aos 50 anos de 1495 habitantes, o que representa máis do 45 % da poboación total do concello, podemos deducir o risco sanitario que está tendo a veciñanza.

É unha vergoña a atención que se presta en Oia aos seus veciños e veciñas, non polos traballadores sanitarios do Centro de Saúde, que multiplican o seu traballo para poder paliar a situación de falla de persoal, tendo que atender cun só médico e en ocasións sen ningún médico a unha poboación de máis de 3.000 habitantes, senón pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

O 30 de xullo de 2020 o grupo municipal socialista denunciou no pleno ordinario celebrado en Oia a falta do servizo de Pediatría que se prestaba dúas veces á semana, o que obrigou aos pacientes a desprazarse ata A Guarda para recibir atención

En maio de 2021, o servizo de pediatría restablécese ao 50 % coa asistencia do pediatra só un día á semana; Tendo en conta que a poboación de 0 a 15 anos en Oia é de 341 rapaces e rapazas. E no presente mes de xullo volven a non ter pediatra.

A todo isto hai que engadir os problemas que teñen coas urxencias médicas no PAC de A Guarda e á falla de ambulancias medicalizadas.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se cubran as baixas do Centro de Saúde de Oia, así como que o servizo de pediatría regrese a pasar consulta dous días á semana como o facía anteriormente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria cubrindo as prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Oia.
2. Garantir a consulta de dúas veces á semana do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Oia.
3. Dotar dunha ambulancia medicalizada para toda a comarca do Baixo Miño e así ter unha boa asistencia sanitaria.

Pazo do Parlamento, 7 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/07/2021 10:29:51

Julio Torrado Quintela na data 08/07/2021 10:29:57

Marina Ortega Otero na data 08/07/2021 10:30:04





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2021 10:35:41
Nº Rexistro: 17956
Data envío: 08/07/2021 10:35:41.950

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/07/2021 10:30:13

CSV: BOPGDSPGhp3PNGdwU6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias**, e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após o pacto de decembro entre a UE e o Reino Unido (RU), que estaba prorrogado dende marzo ata o 31 de xullo, vén de coñecerse recentemente o acordo definitivo das primeiras cotas post-brexit para as especies compartidas.

Foi a primeiros do mes de xuño cando todo o sector pesqueiro da UE enterábase, por medio dun chío do comisario de Pesca e dun curto comunicado de prensa da Comisión Europea, do acordo ao que viñan de chegar a UE e o RU sobre os TAC e cotas ata finais deste ano 2021.

Sen máis noticias, o MAPA e a Secretaría Xeral de Pesca saíron inmediatamente a cualificar o chío do de “boa noticia” e de “boa” negociación.

Máis dunha semana despois, cando aínda o sector seguía sen coñecer a concreción dese acordo, o ministro de Pesca deulle o seu visto e praxe no Consello da UE, o 11 de xuño, e novamente cualificouno de “positivo”, felicitou á Comisión e asegurou que “a frota que faena no Gran Sol manterá as súas cotas de captura para este ano no cado da pescada, o rape e a meiga”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E non foi ata despois desa reunión de ministros europeos cando o sector puido comezar a comprobar que nin o acordo nin as valoracións “positivas” do Ministerio eran tales. É máis, os datos que deu dos TAC e cotas nos primeiros momentos para distintas especies, estaban moi lonxe dos cálculos que fixera o sector e isto obrigouno a convocar unha reunión para aclaralas. Finalmente, os datos do sector foron os correctos e confirmábase que a UE e o Estado español perdían opcións e posibilidades de pesca a favor do RU.

Unha vez máis, un acordo que o MAPA se apresuraba a aplaudir entusiastamente, empeoraba aínda a situación xa existente antes do brexit para Galiza, tal e como auguraba o propio sector após os resultados do Consello de Ministros europeos do pasado mes de marzo.

Así, o reparto para o Estado español volve mermar e, como consecuencia, tamén as principais especies de interese para a frota galega, que rexistra o 70% das capturas da frota que operan en augas do Gran Sol e británicas:

- A redución da pescada no Gran Sol foi dun 14,43%, pasando de 18.667 T. no 2020 a 15.974 no 2021. No stock do Sur, zonas VIIIabde, Golfo de Biscaia e augas de Francia, o recorte é do 12,6%, pasando de 12.995 T. no 2020 a 11.355 no 2021.

- A meiga redúcese en augas de Irlanda, Mar Céltico, un 8,27%, pasando de 5.620 T. no 2020 a 5.155 no 2021. Na zona VI, oeste de Escocia, a diminución é dun 21,46%, pasando de 671 T. a 527 e tan só se produce un leve aumento, o 3,22%, no Golfo de Biscaia.

- O peixe sapo, aínda que se incrementa na zona VII nun 3,7% e na do Golfo de Biscaia, un 13,49%, redúcese dun xeito importante na zona VI, nun 29,64%.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O reparto pesqueiro non só volve ser prexudicial para a frota galega, cunha perda de dereitos e posibilidades de pesca cada vez maior, senón que tamén senta un precedente de incerteza para os catro anos que quedan por diante ata o 2026 que impiden ao sector planificar o seu futuro e condiciona fortemente os seus investimentos.

Cómpre lembrar ademais que este recorte prodúcese enriba do que xa se acordou aplicar para o 2021 no Consello anual de Ministros da UE, en decembro pasado, e que supuxo unha rebaixa do 5% para a pescada, do 7% para a meiga, do 12% para o peixe sapo, do 20% para o abadeixo e do 15% para a cigala.

E, por outra banda, o Comité Especializado de Pesca, creado após a sinatura do acordo entre a UE e o RU tampouco cumpríu ata o de agora o seu cometido, xa que aínda ten pendente de fixar o intercambio de cotas entre países.

Queda pois, de novo en entredito o tan cacarexado obxectivo da PPC sobre a salvagarda dos aspectos sociais e económicos. Mais non só, xa que tamén a capacidade de cada Estado nunhas negociacións nas que só se lles deu o papel de rubricar o acordado pola Comisión.

E se o cometido dos Estados nestas negociacións quedou reducido unicamente á sinatura das mesmas, o das distintas Comunidades Autónomas nin sequera existe.

Na Galiza, a Xunta tomou distintas decisións após da sinatura do acordo do brexit que non foron máis alá dunha grande operación propagandística co obxectivo de neutralizar o malestar do sector pesqueiro. A efectos prácticos, descoñécese resultado algún da aplicación dos informes encargados a expertos. Tampouco a efectivización da postura elaborada polo Grupo de Traballo post-brexit -que quedou constituído no Consello Galego de Pesca no pasado mes de marzo- que debía manter a Xunta nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negociacións entre a UE e o RU, negociacións que están vetadas ás Comunidades Autónomas, incluso para aquelas altamente dependentes da pesca, como a nosa.

O acordado unanimemente polo Parlamento Galego o pasado 10 de febreiro a iniciativa deste Grupo parlamentar, e que sen dúbida podería ser a medio prazo o que trouxera consecuencias verdadeiramente positivas para o sector pesqueiro galego, segue tamén inexplicabelmente agardando a que o goberno galego se decida a levalo a efecto.

- Aprobamos, por unanimidade, que a Xunta de Galiza leve a cabo sen dilación todos os trámites necesarios diante do goberno do Estado para o recoñecemento de Galiza como zona altamente dependente da pesca, para dar protección ao sector e para mellorar o seu acceso ás cotas de pesca e ao financiamento da súa actividade produtiva.

- Aprobamos por unanimidade que a Xunta de Galiza demande do goberno do Estado a realización de todas as xestións precisas para promover a revisión do chamado 'principio de estabilidade relativa' no seo da UE, como garantía dun reparto equitativo e axustado ás capacidades produtivas de cada país, que hoxe non existe.

- Aprobamos por maioría, só coa abstención do Grupo Socialista, que a Xunta de Galiza inste ao goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza, da súa participación e consentemento naquelas cuestións de especial relevancia para a súa economía, nomeadamente en materia pesqueira.

- Aprobamos por unanimidade que a Xunta de Galiza programe e leve a cabo plans de continxencia e de apoio económico e social para o sector pesqueiro e para as zonas máis afectadas polo brexit, que palíen as consecuencias máis inmediatas do mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O resultado destas últimas negociacións entre a UE e o RU, pero tamén das anteriores, deixan ben ás claras que o acordado ten consecuencias moi negativas para a nosa pesca, agora e no futuro, e que as medidas a tomar deben encamiñarse a remover os acordos políticos de fondo que provocaron unha discriminación de partida da nosa frota dentro da UE. Polo tanto, a inacción clamorosa ata o de agora amosada polo goberno galego non ten cabida e cómpre actuar con decisión se realmente se quere reverter a situación actual.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución reprobar o acordo ao que veñen de chegar a Unión Europea e o Reino Unido no mes de xuño sobre os TAC e cotas pesqueiras definitivas para o ano 2021.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Cumprir o acordo plenario do pasado 10 de febreiro, como medio para reverter realmente a situación actual do sector pesqueiro galego.
- Dirixirse ao goberno do Estado español e á UE para exixir o cumprimento do establecido na PPC respecto aos aspectos sociais e económicos a ter en conta no reparto pesqueiro.
- Reclamar do goberno do Estado e da UE, de cara a futuras negociacións, contacto e diálogo constante co sector.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Instar ao goberno do Estado e á UE a ter en conta o reparto definitivo de TAC e cotas e a súa afectación á frota pesqueira galega á hora da distribución dos fondos da Reserva de Axuste do brexit destinados ao sector pesqueiro.”

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 08/07/2021 09:19:55

María do Carme González Iglesias na data 08/07/2021 09:20:05

Daniel Castro García na data 08/07/2021 09:20:16

Ana Pontón Mondelo na data 08/07/2021 09:20:31





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ámbito educativo, a pandemia puxo de manifesto a improvisación constante e a irresponsabilidade das autoridades educativas en gran parte do curso 2019-20 e en todo o curso 2020-21. E isto trouxo gran preocupación ás familias e importante tensión nos centros no comezo do curso, á hora da organización do mesmo.

As confusas e cambiantes instrucións da Consellaría de Educación fixeron realmente difícil poñer en marcha un curso que, durante máis de nove meses requiriu dun sobreesforzo por parte de toda a comunidade educativa e dunha gran implicación por parte dos centros.

Todo elo aínda a pesar de que os medios non foron os suficientes, sobre todo no comezo, e de que os recursos hum anos foron escatimados pola Xunta de Galiza sen ter en conta as verdadeiras carencias dos centros educativos e, o que é máis grave, as necesidades do alumnado máis vulnerábel.

Así, con moita adicación, esforzo e empeño por parte das familias, das direccións dos centros, do profesorado e do propio alumnado vén de rematar o curso,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento que a Consellaría estivo agardando para asestar un novo golpe ao ensino público galego.

O primeiro de xullo, co curso rematado e a maioría do profesorado fóra dos centros, a Xunta de Galiza vén de tomar graves decisións de cara ao ano académico 2021-22 que xa están a afectar a moitos centros do país. Nomeadamente, nas comarcas da Barbanza e Muros-Noia veñen de ser tres centros, tres, os que xa sofren a política de recortes e de falla total de sensibilidade que a Consellaría de Educación nunca abandonou, nin sequera durante os peores meses da pandemia, e que agora intensifica de novo.

Por un lado, a grave decisión do peche do colexio de Pino do Val, no concello de Mazaricos, que xa se intentou hai uns anos e que agora se viste dende a Xunta como unha “reorganización de unidades” que non contempla sequera mantelo un curso máis tendo en conta a situación sanitaria actual. É, sen dúbida a proba que deixa en evidencia que a falaz promesa de especial atención ao rural non é outra cousa máis que unha operación de propaganda que nada ten a ver coa política real que se aplica decotío.

No camiño de seguir desmantelando o ensino público, tamén no rural, pónense igualmente en marcha importantes reducións de persoal no único CEIP que queda no concello de Outes, após o peche definitivo hai apenas tres anos do “Emilio Navasqües”. Unha actuación que a propia Consellaría anunciou como unha “fusión” entre os dous centros e que non foi máis que unha escusa para pechar de novo un centro alegando razóns de mellora no outro que agora sofre as verdadeiras consecuencias daquela decisión: A supresión de tres docentes e un coidador/a, cando a matrícula varía tan só en catro alumnos respecto do curso que remata.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, dunha decisión antipedagóxica que tampouco ten en conta a existencia de comedor e as sete horas que os nenos e nenas pasan diariamente no centro, en grupos burbulla, nin ao alumnado con necesidades educativas especiais, nalgúns casos graves.

Tamén o CEIP de Palmeira, no concello de Ribeira, vén de ser advertido da eliminación de dúas das cinco unidades actuais de educación infantil. Un centro que tampouco reduce alumnado significativamente con respecto ao curso anterior, só 4 persoas, que atende ao alumnado non só da parroquia de Palmeira senón tamén doutras zonas do concello de Ribeira e que ten un importante número de nenos e nenas con necesidades educativas diagnosticadas, razón pola que teñen solicitado un coidador/a máis que que aínda descoñecen se terán.

Neste caso cómpre subliñar que este curso realizáronse investimentos no centro por máis de 570.000 euros, e esa mellora nas instalacións para un total de 294 alumnos e alumnas non se ve correspondida agora coa mellora de recursos e do persoal necesario para atendelos.

Nos tres casos, o modus operandi da Consellaría foi sempre o mesmo e igual de inxustificábel: Falla de respecto, ocultamento e promesa de manter, e incluso aumentar, a dotación do persoal actual. Non entanto, a realidade é a aplicación de decisións consumadas e comunicadas, sen opción a réplica, xa rematado o curso e tentando eliminar calquera atisbo de resposta ou mobilización, a falla de diálogo cos centros e o menosprezo absoluto pola participación e a opinión dos representantes dos pas e nais.

Polo tanto, os pasos dados pola Consellaría pretenden cortar de raíz calquera tipo de reacción, comprometen ás direccións e tratan de impedir que se dote a estes centros educativos cando menos co mesmo persoal co que contaron este ano, poñendo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

así en risco o seu correcto funcionamento con menos persoal e ratios máis altas xustamente nun momento no que a pandemia segue viva e no que o que se require é o contrario: Reducir as ratios para evitar a incidencia da pandemia e sobre todo para atender mellor a diversidade e poder contar cun ensino público realmente integrador, equitativo e de calidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Estudar a posibilidade de manter aberto o colexio de Pino do Val durante o ano académico 2021-22, tendo en conta o carácter rural do concello de Mazaricos e a situación sanitaria actual.

- Cubrir todas as necesidades materiais e de persoal ás que teña que facer fronte o centro da Picota se finalmente non se rectifica a decisión do peche do centro de Pino do Val.

- Igualmente, se se leva a cabo, poñer a disposición das familias afectadas todos os medios necesarios para facilitar as súas decisións, en contacto e diálogo continuo coas mesmas.

- Manter cando menos a dotación de persoal actual no CEIP de Outes, o único que queda nese concello, respectando a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e tendo en conta a existencia de comedor no propio centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estudar a viabilidade da dotación actual de unidades de ensino infantil no CEIP de Palmeira, tendo en conta o elevado número de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, en moitos casos graves.

- Manter cando menos un mínimo de catro unidades de ensino infantil nese centro no vindeiro curso 2021-2022.

- Non levar a cabo, en ningún caso, decisión algunha sen contar coa comunidade educativa dos centros que poda mermar a atención, o apoio e a calidade educativa dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 08/07/2021 11:39:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/07/2021 11:39:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A poboación do Carballiño, o segundo concello máis poboado do territorio administrativamente coñecido como provincia de Ourense, vén demandando durante anos a ampliación e reforma do seu centro de saúde ou a construción dun novo centro que corrixa o grave deterioro e insuficiencia de espazo do actual.

Esta demanda leva anos desatendida por parte da Xunta de Galiza, mais parecía nos últimos meses que o goberno galego comezaba a rectificar. No mes de decembro de 2020 a corporación municipal pronunciábase a favor de que esta demanda se atendese por parte da Xunta de Galiza e se incorporase ao seguinte exercicio orzamentario. No mesmo sentido, os grupos parlamentarios con representación no Parlamento galego apoiaron unha iniciativa do grupo socialista nese mesmo sentido. No mes de xaneiro, Feijóo anunciaba na prensa, despois dun encontro co alcalde do Carballiño, que inmediatamente o persoal técnico da Xunta avaliaría se construír un novo ou facer unha remodelación e que isto se incorporaría na planificación inmediata.

Porén, pasado medio ano destas afirmacións, non hai un só avance. Máis aínda, a Xunta de Galiza segue instalada na súa política de adiamentos e propaganda. Como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mostra disto, o pasado 2 de xullo o Presidente da Xunta anunciaba repetidamente na cidade de Ourense compromisos con infraestruturas sanitarias e respecto dos centros de saúde a nota informativa da Xunta recollía o seguinte: *“a construción ou reforma de 14 centros de saúde máis: un novo centro de saúde na Rúa, cuxo convenio xa está asinado co Concello; a reforma do de Arnoia -licitado- e do de Ribadavia -que será licitado en breve-; “e asinamos convenios para reformar os de Rairiz de Veiga, O Bolo e Amoeiro”, dixo, anunciando tamén a sinatura, proximamente, dos acordos para remodelar os de Castro Caldelas, Castrelo de Miño, Beariz, Maside, Baltar, Vilardevós e Lobios. Nesta mesma liña, afirmou que a Administración autonómica está a avaliar a posible construción dun novo centro de saúde no Carballiño ou a ampliación do xa existente.”*

É dicir, O Carballiño continúa sen decisión, sen prazos, sen orzamentos, sen proxecto e sen perspectiva de ver solucionado o seu problema. Asemade, continúa con problemas respecto do persoal e dos servizos prestados e sofre o deterioro global que sofre a Atención Primaria do noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir os seus incumprimentos co Carballiño e a comprometerse a:

1. Calendarizar e orzar, no prazo máximo dun mes, a proposta para a renovación ou construción dun novo centro de saúde e iniciar as actuacións necesarias para a súa realización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Corrixir as insuficiencias de persoal e servizos, singularmente aumentando a dotación de horas, horarios e profesionais de pediatría, xinecoloxía e radioloxía.

3. Impulsar medidas para achegar solucións á situación de deterioro e colapso na que se atopa a atención primaria ao longo do país cun Plan de reforzo dos recursos humanos e a incorporación á carteira de servizos de atención primaria das categorías imprescindibles para prestar unha atención integral, como profesionais de psicoloxía clínica, terapia ocupacional, traballo social, logopedia ou podoloxía.”

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/07/2021 12:19:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/07/2021 12:19:43

María Montserrat Prado Cores na data 08/07/2021 12:19:51

Iria Carreira Pazos na data 08/07/2021 12:20:00

Olalla Rodil Fernández na data 08/07/2021 12:20:16



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 está a supor un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local. Esta crise foi o derradeiro golpe para moitos pequenos e medianos comercios.

A consecuencia da crise é que o sector do pequeno e mediano comercio non podan facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez. A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector con forte implantación en Galicia.

A realidade que está xurdindo ó longo deste ano debido á pandemia da covid-19 semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio e para o seu tecido asociativo.

Neste ano de crise económica a maior preocupación das asociacións de comerciantes neste momento é o atraso na emisión da orde de subvención para asociacións e federacións, xa que non lles permite planificar as accións para levar a cabo con tempo suficiente, ademais de ter que xustificalas nun curto espazo de tempo, que xera improvisación e é o que menos precisan neste momento de crise económica.

Outra preocupación que teñen ditas asociacións son as contías das mesmas, así como as porcentaxes subvencionadas para as diferentes accións, xa que dada a falta de liquidez das asociacións, con cotas conxeladas ou suprimidas durante meses, non lles permitirá levar a cabo as accións que o comercio precisa nesta situación de crise económica que están vivindo.

O Goberno autonómico carece de acción fronte á crise económica, carece de compromiso e de medidas para a reactivación económica. Ten que poñer en marcha e incrementar inmediatamente as subvencións para as asociacións do pequeno e mediano comercio para protexer ós comerciantes fronte esta crise



económica. A Administración autonómica non pode dar unha resposta á maior crise económica fora de tempo, con meses de retraso e cando pasou máis dun ano do comezo da crise.

A Xunta de Galicia ten que actuar para favorecer a reactivación económica de Galicia cando comezamos a camiñar cara á nova normalidade. O Goberno autonómico ten que axudar as pequenas empresas e os autónomos necesitan respaldo para poder reabrir, xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar, de forma urxente, as subvencións para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise.
2. Incrementar a cantidade das subvencións para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise.

Pazo do Parlamento, 08 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/07/2021 13:17:21





Martín Seco García na data 08/07/2021 13:17:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/07/2021 13:17:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o mantemento da oferta horaria de apertura ao público nos meses de verán das bibliotecas públicas galegas de titularidade estatal e xestión autonómica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galiza está constituída por un conxunto de bibliotecas de tipoloxía diferente:

- Bibliotecas de titularidade estatal (Biblioteca de Galiza, Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, Biblioteca Pública de Lugo, Biblioteca Pública de Ourense, Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola e Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel).

- Bibliotecas de titularidade pública local dependentes de concellos ou entidades públicas locais.

- Bibliotecas públicas e de titularidade privada.

A dirección e coordinación desta Rede de Bibliotecas Públicas de Galiza é responsabilidade da Xunta de Galiza.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No momento actual, o primeiro grupo de bibliotecas, xestionadas polo goberno da Xunta, non está a garantir todos os servizos necesarios para dar resposta á demanda cultural e de formación que actualmente require a sociedade por causa da redución de horario, pois durante os meses de xullo e agosto estas bibliotecas permanecen pechadas en horario de tarde de luns a venres, así como durante toda a xornada do sábado.

Esta redución da apertura ao público pecha as portas a estes importantes centros bibliográficos e documentais, centros de acceso ao coñecemento, á información e a cultura e tamén de apoio aos procesos educativos.

Unhas limitacións de acceso que están a prexudicar severamente o conxunto da cidadanía e nomeadamente as persoas que aínda continúan cos seus procesos educativos cando están activas ao longo do mes de xullo diferentes convocatorias de oposicións, procedementos selectivos como as AVAU ou calendario de avaliacións do sistema universitario galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rectificar a decisión de reducir a oferta horaria de apertura ao público, nos meses de xullo e agosto, en todas as bibliotecas públicas de titularidade estatal e xestión autonómica e manter a oferta horaria completa que estes centros ofrecen o resto do ano como servizo público fundamental para a cidadanía.”

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/07/2021 16:21:50

Daniel Castro García na data 08/07/2021 16:22:00

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/07/2021 16:22:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o cambio de titularidade de bens adquiridos por entidades bancarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crises económicas vividas nos últimos anos, tanto a de orixe financeiro resultante do estoupido da burbulla inmobiliaria, como a que actualmente padecemos como consecuencia da pandemia orixinada pola Covid, unidas á escasa e tardía reacción das administracións públicas competentes provocou un extraordinario impacto na cidadanía, sendo especialmente devastador nas clases medias e traballadoras.

Foi e segue a ser elevado o número de procedementos concursais e de execución hipotecaria mediante os que moitas entidades financeiras e prestamistas estean a adquirir propiedades inmobiliarias de persoas que non puideron afrontar os créditos e débedas que mantiñan coas entidades acreedoras.

O certo é que son numerosos os casos en que os cambios na titularidade de inmóbeis, rústicos e mesmo urbanos, consecuencia de procesos de execución hipotecarias ou de impagos de débedas non son inscritos nos respectivos rexistros da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propiedade ou administrativos. Xa que logo a propiedade real da finca non se corresponde coa administrativa ou rexistral, o que deriva na dificultade das Administracións Públicas ou de Comunidades de Propietarios de identificar e localizar ás verdadeiras propietarias dos inmóbeis. Dificultade que se transforma en imposibilidade ante o pasamento, emigración ou desaparición da persoa que puidera constar como titular formal da propiedade que non fai posible a reanudación do tracto sucesivo, nin a actualización dos rexistros.

Malia que certamente na lexislación actual a inscrición rexistral é potestativa, non así a comunicación dos cambios de titularidade a, por exemplo, o catastro, algo que en numerosos casos se está a incumprir polas entidades financeiras executantes e/ou adquirentes. A falla de contribución aos gastos xerais da comunidade de propietarios ou de mantemento de parcelas rústicas son algunhas das consecuencias que está a provocar o incumprimento polas entidades financeiras do deber de comunicar os cambios de titularidade producidos. O deterioro dos inmóbeis, o risco de incendios ou a asunción polos concellos dos custes de desbroce e limpeza de fincas e solares, son algunhas das realidades que están a producir polas infraccións das entidades financeiras adquirentes de inmóbeis, obrigando as prexudicadas a iniciar un longo e incerto peregrinaxe xudicial para resarcirse dos prexuízos sufridos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as xestións oportunas a fin de que as entidades financeiras e prestamistas procedan a comunicar, cando menos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos rexistros administrativos correspondentes, o cambio na titularidade dos bens inmóbeis que adquiran.”

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do GP do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/07/2021 17:40:18

Xosé Luis Bará Torres na data 08/07/2021 17:40:27

Noa Presas Bergantiños na data 08/07/2021 17:40:35

Iria Carreira Pazos na data 08/07/2021 17:40:45



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Sen necesidade de padecer unha doenza crónica ou grave é frecuente que calquera persoa precise dun ingreso hospitalario ao longo da súa vida. Cando a propia patoloxía é grave ou require dun tratamento e seguimento médico específico, o ingreso pódese alongar no tempo.

O feito que a persoa ingresada ou paciente sexa menor, ou maior de idade con discapacidade ou dependencia, fai imprescindible o acompañamento e pernocta dos proxenitores ou titores, salvo mínimas excepcións nas que o facultativo o observe contraproducente por motivos clínicos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante non só benestar do menor ou maior de idade con discapacidade ou dependencia, senón tamén do pai, nai ou titor que acompañe e pernocte con dito paciente. Por iso, é fundamental que a Consellería de Sanidade leve a cabo un inventario ou supervisión do material para uso dos acompañantes en materia de descanso. En concreto é fundamental revisar o estado dos sillóns ou sofás nos que os acompañantes pernoctan e valorar a súa funcionalidade, así coma roupa de cama, almofadas, etc. Existen casos concretos nos que se nos informa dun ingreso prolongado no tempo, e a nai do menor ingresado non dispuña de mantas nin un sillón en condicións óptimas para permitir o seu correcto descanso.

O descanso dun proxenitor que ten ao seu fillo/a ingresado non só contribúe ao benestar físico, senón tamén emocional. Estado emocional que pode condicionar ou contribuír na mellora da afrontación desa etapa de enfermidade, tan dura sobre todo nos casos máis graves.



Polo que dende o Grupo Socialista consideramos importante que dende a Consellería de Sanidade se invista nunha renovación de sofás de descanso para acompañantes, garantindo que permitan un descanso real e san, mediante sofás ergonómicos que cumpran a funcionalidade prevista aproveitando os avances actuais.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Existe un inventario sobre o mobiliario e recursos para o descanso de acompañantes nas áreas de pediatría?
2. Como valora a Consellería a proposta de renovación de este tipo de recursos para mellorar o descanso de acompañantes en pediatría ou con persoas maiores dependentes ou con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo do 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/07/2021 09:24:28

Julio Torrado Quintela na data 02/07/2021 09:25:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Daniel Pérez López, Paulo Ríos Santomé e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con 122 portos de titularidade autonómica e cun ente público, Portos de Galiza, que os xestiona.

No Informe de Xestión do ente relativo ao 2019 (último que figura na súa páxina web), contrastan dun xeito moi elocuente os case 18 millóns de euros de ingresos correntes recadados por taxas e prestación de servizos portuarios cos algo máis de 10.700.000 euros de gastos en bens correntes e servizos.

Mais ese contraste nas cifras refléxase moito máis cruamente na realidade diaria dos peiraos e no clamoroso descontento dos seus usuarios e usuarias.

As queixas sucédense decotío, tanto polo cobro de taxas excesivas como pola falla de mantemento e de servizos nos portos e tamén pola falla dos subministros máis básicos para desenvolver as actividades pesqueiras e/ou deportivas nas instalacións portuarias.

Trátase dunha actuación cicatera e de presión continua que se leva a cabo sen ningún tipo de consideración cos profesionais que todos os días realizan o seu traballo nos peiraos e que pagan un prezo moi alto por ter acceso a uns servizos que, en moitos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

casos, son deficientes e, noutros, ata inexistentes, e forma parte dun xeito de actuar, o de Portos de Galiza, que nada ten a ver con “grande empeño” de que “os portos sexan un elemento facilitador da vida diaria tanto dos profesionais do mar como dos cidadáns ...” que manifesta a súa propia presidenta tamén na páxina web do ente.

Todo o contrario, a política de Portos véñse levando a cabo non só sen contar co sector do mar senón mesmo despreciándoo e poñéndolle obstáculos a diario que impiden a realización do seu traballo nunhas mínimas condicións de normalidade e ata de seguridade.

Non se entende, por exemplo, como nun porto de indudábel importancia pesqueira como o de Bueu ou o deportivo da mesma localidade, o de Beluso, veñan de cortarse “definitivamente” os subministros imprescindíbeis de auga e luz sen máis mediación que unha nota de aviso pendurada na porta dun pantalán.

Que explicación pode ter que se aluda a que se cortan “por falta de abono” cando os usuarios veñen pagando e continúan a pagar polo fornecemento deses servizos, tal e como amosan os “avisos de cargo” que reciben periodicamente de Portos de Galiza.

Ou como se concibe, por exemplo, que no porto de Corme leven anos sen apenas poder facer uso dos pantaláns polo seu mal estado de mantemento e conservación ou non existan dispositivos en funcionamento que podan evitar os roubos e danos que podan acontecer e os seus usuarios paguen e continúen a pagar taxas abusivas por servizos que non se lle prestan.

A nefasta xestión dos portos acumúlase dun extremo a outro do país e os seus usuarios padecen día tras día as consecuencias. Nestes días unha máis: Están a recibir as notificacións de cobro de taxas pendentes dende o mes de xaneiro e a facer fronte a un





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

período de 6 meses nun só pago, nun máis que evidente funcionamento pésimo da Administración.

E tamén en datas recentes, véñese de prohibir taxativamente a “manipulación ou reparación de buques ou medios flotantes de calquera tipo nas explanadas e espazos portuarios” nos que se viña facendo dende sempre e sen ningún tipo de incidente. É o caso do porto de Corcubión e tamén do mesmo Corme onde véñese de eliminar esa posibilidade sen ofrecer alternativas, sen manter diálogo co sector e sen procurar habilitar zonas para as varadas.

-É consciente o goberno galego das consecuencias para Vilamartín de Valdeorras deste recorte de profesorado e aulas no CEIP Xosé Manuel Folla Respino?

- Ten previsto a Xunta de Galiza rexeitar a proposta do servizo de Inspección de suprimir as especialidades de profesorado no CEIP Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras?

- Consideran a posibilidade de manter a actual estrutura formativa do CEIP Xosé Manuel Folla Respino cunha unidade de infantil e 3 unidades de Primaria?

- Valoran a posibilidade de modificar o seu sistema de ratios para bonificar aos centros do rural de Galiza pola función estabilizadora de poboación nas súas respectivas localidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Teñen algún tipo de proxección do número de aulas e centros que teñen previsto pechar no rural galego nos próximos 3 anos tendo a conta os datos dos últimos 10 anos nese sentido?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/07/2021 17:18:21

Noa Presas Bergantiños na data 07/07/2021 17:18:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/07/2021 17:18:31

María González Albert na data 07/07/2021 17:18:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o cambio de titularidade de bens adquiridos por entidades bancarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crises económicas vividas nos últimos anos, tanto a de orixe financeiro resultante do estoupido da burbulla inmobiliaria, como a que actualmente padecemos como consecuencia da pandemia orixinada pola Covid, unidas á escasa e tardía reacción das administracións públicas competentes provocou un extraordinario impacto na cidadanía, sendo especialmente devastador nas clases medias e traballadoras.

Foi e segue a ser elevado o número de procedementos concursais e de execución hipotecaria mediante os que moitas entidades financeiras e prestamistas estean a adquirir propiedades inmobiliarias de persoas que non puideron afrontar os créditos e débedas que mantiñan coas entidades acreedoras.

O certo é que son numerosos os casos en que os cambios na titularidade de inmóbeis, rústicos e mesmo urbanos, consecuencia de procesos de execución hipotecarias ou de impagos de débedas non son inscritos nos respectivos rexistros da propiedade ou administrativos. Xa que logo a propiedade real da finca non se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

corresponde coa administrativa ou rexistral, o que deriva na dificultade das Administracións Públicas ou de Comunidades de Propietarios de identificar e localizar ás verdadeiras propietarias dos inmóbeis. Dificultade que se transforma en imposibilidade ante o pasamento, emigración ou desaparición da persoa que puidera constar como titular formal da propiedade que non fai posible a reanudación do tracto sucesivo, nin a actualización dos rexistros.

Malia que certamente na lexislación actual a inscrición rexistral é potestativa, non así a comunicación dos cambios de titularidade a, por exemplo, o catastro, algo que en numerosos casos se está a incumprir polas entidades financeiras executantes e/ou adquirentes. A falla de contribución aos gastos xerais da comunidade de propietarios ou de mantemento de parcelas rústicas son algunhas das consecuencias que está a provocar o incumprimento polas entidades financeiras do deber de comunicar os cambios de titularidade producidos. O deterioro dos inmóbeis, o risco de incendios ou a asunción polos concellos dos custes de desbroce e limpeza de fincas e solares, son algunhas das realidades que están a producir polas infraccións das entidades financeiras adquirentes de inmóbeis, obrigando as prexudicadas a iniciar un longo e incerto peregrinaxe xudicial para resarcirse dos prexuízos sufridos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

Ten constancia a Xunta de Galiza da existencia de múltiples discrepancias entre a realidade real e a que consta en rexistros administrativos sobre a titularidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de inmóbeis adquiridos por entidades financeiras e prestamistas en procesos de execución?

Considera que esa discrepancia é consecuencia de incumprimentos das súas obrigas por parte das entidades adquirentes?

Tal infracción entende a Xunta de Galiza é susceptíbel de provocar prexuízos a terceiras persoas, públicas e privadas?

Realizou algunha xestión a Xunta de Galiza para corrixir e perseguir a comisión de tales irregularidades?

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/07/2021 17:41:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/07/2021 17:41:32

Iria Carreira Pazos na data 08/07/2021 17:41:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/07/2021 17:42:57



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A circunvalación de Cangas conectaría esta vila e os pobos de arredor coa autovía do Morrazo e así daría solución o gran problema que ten Cangas co tráfico.

O acordo plenario de 2012 establecía que a circunvalación de Cangas debe considerarse urbana, non estará pechada e terá un ancho de 18 metros, non 30 como aparecía no proxecto presentado pola Xunta de Galicia. Ademais, a estrada exterior debe ter beirarrúas e acceso a fincas, sen pendentes e evitando as dificultades do terreo con piares. Os carrís terían 3 metros a cada lado, 1,5 metros no ombreiro e beirarrúas de 2 metros de ancho.

En xullo do ano 2012 a Axencia de Infraestruturas de Galicia aprobou o proxecto inicial do proxecto de trazado e impacto ambiental da variante de Cangas, entre outras, redactado por ICEACSA na variante de Cangas, cunha inversión de 4,6 millóns. Estudos previos na circunvalación de Cangas dispararon o seu custo dos 2,7 millóns aos 6,7 millóns de euros, debido as condicións existentes no terreo que dificultan as mesmas.

No ano 2019 o Concello de Cangas volve a esixirlle á Consellería de Infraestruturas, que asuma o proxecto da circunvalación de Cangas. Esta é unha obra necesaria e urxente que nada ten que ver coa autoestrada, por moito que o goberno da Xunta de Galicia tente considerar que o problema do tráfico en Cangas se soluciona coa autoestrada ou que o investimento no termo municipal está cuberto coa ampliación do corredor, porque non é certo.

A Xunta de Galicia debe acometer polo menos parte do proxecto, porque se é certo que o orzamento disparouse ata os 6,7 millóns de euros, non o é menos certo que no seu momento tiña asignados 2,7 millóns de euros, sen esquecer que se tiña licitado o primeiro tramo do proxecto de construción para a circunvalación de Cangas en marzo de 2015, por un importe de 100.000 euros e un prazo de execución de 12 meses.



Agora mesmo os veciños e veciñas de Cangas están a usar as estradas do aparcadoiro da Unidade de Acción número 5 como circunvalación para cruzar a rúa San José ata a avenida Galicia e de alí á avenida Vigo, co perigo que isto implica para a circunvalación interior. Os socialistas consideramos que hai razóns convincentes para retomar este proxecto, e máis aínda se tomamos como referencia o verán.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladamos á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 esta emenda de retomar o proxecto da circunvalación de Cangas, emenda que foi rexeitada polo Goberno autonómico.

Desde o noso grupo consideramos imprescindible a circunvalación de Cangas para resolver o problema de tráfico que ten esta vila durante todo o ano, e especialmente na temporada estival.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia dotar de orzamento, adxudicar e iniciar as no ano 2022 as obras desta circunvalación coa finalidade de que estean rematadas antes de que finalice esta lexislatura?
2. Cal é o estado actual da actuación denominada circunvalación de Cangas?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/07/2021 09:52:52

Patricia Otero Rodríguez na data 02/07/2021 09:52:59

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 09:57:32
Nº Registro: 17787
Data envío: 02/07/2021 09:57:32.680

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/07/2021 09:53:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Sen necesidade de padecer unha doenza crónica ou grave é frecuente que calquera persoa precise dun ingreso hospitalario ao longo da súa vida. Cando a propia patoloxía é grave ou require dun tratamento e seguimento médico específico, o ingreso pódese alongar no tempo.

O feito de que a persoa ingresada ou paciente sexa menor, ou maior de idade con discapacidade ou dependencia, fai imprescindible o acompañamento e pernocta dos proxenitores ou titores, salvo mínimas excepcións nas que o facultativo o observe contraproducente por motivos clínicos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante non só o benestar do ou da menor ou maior de idade con discapacidade ou dependencia, senón tamén do pai, nai ou titor que acompañe e pernocte con dito paciente. Por iso, é fundamental que a Consellería de Sanidade leve a cabo un inventario ou supervisión do material para uso dos acompañantes en materia de descanso. En concreto é fundamental revisar o estado dos sillóns ou sofás nos que os acompañantes pernoctan e valorar a súa funcionalidade, así coma roupa de cama, almofadas, etc. Existen casos concretos nos que se nos informa dun ingreso prolongado no tempo, e a nai do menor ingresado non dispuña de mantas nin un sillón en condicións óptimas para permitir o seu correcto descanso.

O descanso dun proxenitor que ten ao seu fillo/a ingresado non só contribúe ao benestar físico, senón tamén emocional. Estado emocional que pode condicionar ou contribuír na mellora da afrontación desa etapa de enfermidade, tan dura sobre todo nos casos máis graves.



Polo que dende o Grupo Socialista consideramos importante que dende a Consellería de Sanidade se invista nunha renovación de sofás de descanso para acompañantes, garantindo que permitan un descanso real e san, mediante sofás ergonómicos que cumpran a funcionalidade prevista aproveitando os avances actuais.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Existe un inventario sobre o mobiliario e recursos para o descanso de acompañantes nas áreas de pediatría?
2. Como valora a Consellería a proposta de renovación de este tipo de recursos para mellorar o descanso de acompañantes en pediatría ou con persoas maiores dependentes ou con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo do 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/07/2021 09:30:56

Julio Torrado Quintela na data 02/07/2021 09:31:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobra, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG leva tempo recollendo a preocupación de pacientes e profesionais pola política de recortes que vén practicando a Xunta do PP na sanidade pública, e que nos últimos anos afectoulle dun xeito especialmente negativo á atención primaria. Recentemente, e coa escusa da pandemia da COVID 19, seguiron aplicándose estas medidas, e mesmo se agravaron coa implantación da atención telemática non como unha intervención extraordinaria e puntual senón como unha decisión permanente.

Estes recortes e redución de medios humanos e materiais estanse a padecer nos Centro de Saúde de Moraña e Cuntis, primeiramente amortizando prazas que existían e na actualidade non cubrindo o servizo de pediatría.

Xa no ano 2018 o Sergas anunciaba que temporalmente o Servizo de Pediatría de Moraña e Cuntis quedaba suspendido. Daquela a presión e protesta veciñal fixo que o Sergas puxese un parche dotando unha profesional da sanidade para a praza de pediatría do Centro de Saúde de Moraña, compartida co concello veciño de Cuntis.

Desde comezos do pasado mes de xuño suprimiuse esta atención pediátrica, de maneira que as crianzas pasaron a ser atendidas no centro de saúde de Caldas. Este feito





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deu lugar a novas protestas e mobilizacións, a última delas o pasado luns 29 de xuño en Moraña. Como resposta a esta presión social, o pasado 30 de xuño o xerente da área sanitaria mantivo unha xuntanza cos alcaldes de Cuntis e Moraña, nos que anunciou o desenvolvemento do programa “nenos san”, un novo parche que só supón manter a atención correspondente a revisións e vacinacións. Posteriormente por vía non oficial trascendeu a posibilidade de que os centros de saúde de Moaña e Cuntis conten con atención pediátrica só algúns días á semana.

Para o BNG estamos diante dun servizo sanitario fundamental, que é un dereito cidadán básico. Ademais, nos últimos tempos asistimos a campañas propagandísticas da Xunta sobre o apoio ao rural, mentres se retallan e eliminan servizos básicos para reter e atraer poboación como é o dunha boa atención sanitaria.

Este empeoramento do servizo de saúde pública, que lle afecta dun xeito especial á atención primaria e aos concellos do rural, ten ademais outro efecto perverso: o incremento da contratación de seguros privados e a derivación á privada de consultas, probas, analíticas, etc.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que medidas vai adoptar o goberno galego para cubrir de xeito permanente a praza de pediatra dos centros de saúde de Moraña e Cuntis?
- . Cando ten previsto a Xunta cubrir de maneira permanente esta praza?
- . Considera o goberno galego que esta falta de servizos sanitarios básicos inflúe na perda de atractivo e no declive das comarcas rurais do noso país?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Comparte o goberno galego a idea de que esta merma na atención pediátrica e noutras prestacións beneficia a sanidade privada?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 02/07/2021 12:43:39

María Montserrat Prado Cores na data 02/07/2021 12:43:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/07/2021 12:43:52

Xosé Luis Bará Torres na data 02/07/2021 12:44:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Daniel Pérez López, Paulo Ríos Santomé e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con 122 portos de titularidade autonómica e cun ente público, Portos de Galiza, que os xestiona.

No Informe de Xestión do ente relativo ao 2019 (último que figura na súa páxina web), contrastan dun xeito moi elocuente os case 18 millóns de euros de ingresos correntes recadados por taxas e prestación de servizos portuarios cos algo máis de 10.700.000 euros de gastos en bens correntes e servizos.

Mais ese contraste nas cifras refléxase moito máis cruamente na realidade diaria dos peiraos e no clamoroso descontento dos seus usuarios e usuarias.

As queixas sucédense decotío, tanto polo cobro de taxas excesivas como pola falla de mantemento e de servizos nos portos e tamén pola falla dos subministros máis básicos para desenvolver as actividades pesqueiras e/ou deportivas nas instalacións portuarias.

Trátase dunha actuación cicatera e de presión continua que se leva a cabo sen ningún tipo de consideración cos profesionais que todos os días realizan o seu traballo nos peiraos e que pagan un prezo moi alto por ter acceso a uns servizos que, en moitos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

casos, son deficientes e, noutros, ata inexistentes, e forma parte dun xeito de actuar, o de Portos de Galiza, que nada ten a ver con “grande empeño” de que “os portos sexan un elemento facilitador da vida diaria tanto dos profesionais do mar como dos cidadáns ...” que manifesta a súa propia presidenta tamén na páxina web do ente.

Todo o contrario, a política de Portos véñse levando a cabo non só sen contar co sector do mar senón mesmo despreciándoo e poñéndolle obstáculos a diario que impiden a realización do seu traballo nunhas mínimas condicións de normalidade e ata de seguridade.

Non se entende, por exemplo, como nun porto de indudábel importancia pesqueira como o de Bueu ou o deportivo da mesma localidade, o de Beluso, veñan de cortarse “definitivamente” os subministros imprescindíbeis de auga e luz sen máis mediación que unha nota de aviso pendurada na porta dun pantalán.

Que explicación pode ter que se aluda a que se cortan “por falta de abono” cando os usuarios veñen pagando e continúan a pagar polo fornecemento deses servizos, tal e como amosan os “avisos de cargo” que reciben periodicamente de Portos de Galiza.

Ou como se concibe, por exemplo, que no porto de Corme leven anos sen apenas poder facer uso dos pantaláns polo seu mal estado de mantemento e conservación ou non existan dispositivos en funcionamento que podan evitar os roubos e danos que podan acontecer e os seus usuarios paguen e continúen a pagar taxas abusivas por servizos que non se lle prestan.

A nefasta xestión dos portos acumúlase dun extremo a outro do país e os seus usuarios padecen día tras día as consecuencias. Nestes días unha máis: Están a recibir as notificacións de cobro de taxas pendentes dende o mes de xaneiro e a facer fronte a un





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

período de 6 meses nun só pago, nun máis que evidente funcionamento pésimo da Administración.

E tamén en datas recentes, véñse de prohibir taxativamente a “manipulación ou reparación de buques ou medios flotantes de calquera tipo nas explanadas e espazos portuarios” nos que se viña facendo dende sempre e sen ningún tipo de incidente. É o caso do porto de Corcubión e tamén do mesmo Corme onde véñse de eliminar esa posibilidade sen ofrecer alternativas, sen manter diálogo co sector e sen procurar habilitar zonas para as varadas.

En definitiva, unha serie de actuacións sen xustificación que empeoran gravemente a calidade dos servizos portuarios, que impiden o desenvolvemento da actividade diaria e que poñen de manifesto un abandono extremo dos portos, que, en palabras da súa presidenta, son “infraestruturas fundamentais para o desenvolvemento das zonas costeiras” e “o seu idóneo funcionamento é o gran obxectivo de Portos de Galiza xa que é tamén unha das chaves para o avance da comunidade”.

O obxectivo é, efectivamente, moi loábel, mais a realidade e a actuación diaria de Portos de Galiza nos 122 peiraos que xestiona amosan claramente que van na dirección contraria da súa consecución e pon cada vez máis de manifesto que o seu verdadeiro obxectivo é o de recadar a toda costa e por servizos que non se prestan.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o goberno galego da prestación dos servizos portuarios e do mantemento e conservación nos portos da súa titularidade?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Está a Xunta de Galiza a levar a cabo nos portos todas as actuacións que garantan o desenvolvemento da actividade portuaria e nomeadamente as actividades dos profesionais do mar?

. Que valoración fai das taxas e tarifas que se aplican aos usuarios e usuarias dos portos? Considera que son acordes aos servizos que se prestan dende Portos de Galiza?

. Que razóns existen para que recentemente se veñan de poñer ao cobro as taxas dos últimos 6 meses? Vai o goberno galego a procurar unha mellora no sistema de cobro que non cause prexuízos aos pagadores?

. Considera que se está a manter contacto e diálogo co sector do mar por parte de Portos de Galiza?. De ser así, por que se están a tomar decisións que descoñece e que lle afectan gravemente?

. Ten previsto repoñer de inmediato os subministros eliminados nos portos de Bueu e Beluso e polos que os usuarios continúan a pagar? En que prazo?

. Que actuacións vai levar a cabo para que os pantaláns do peirao de Corme podan ser operativos e seguros? En que prazo?

. Por que razón se veñen de prohibir as varadas nos portos de Corcubión e Corme? É consciente o goberno galego dos prexuízos que está a causar xa esa decisión? Que alternativa a esta prohibición vai poñer a disposición dos usuarios destes portos? Vai habilitar zonas de varada nos mesmos? Cando?

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 05/07/2021 09:45:13

Paulo Ríos Santomé na data 05/07/2021 09:45:19

Daniel Pérez López na data 05/07/2021 09:45:27

María do Carme González Iglesias na data 05/07/2021 09:45:37

Rosana Pérez Fernández na data 05/07/2021 09:45:46



Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandería extensiva forma parte importante da gandería galega, o extensivo abrangue animais pertencentes ao bovino, ovino e cabrún. Todos contribúen de xeito importante a manter a maleza baixo control pastando en zonas baixo arborado e de pastos arbustivos. Nin que dicir ten que o benestar animal está garantido con este tipo de gandería, así como a biodiversidade e outros valores que son apreciados pola sociedade neste momento.

Tamén é coñecido por parte das presentes que que a Política Agraria Comunitaria infiltra as nosas actividades agropecuarias, e outras moitas relacionadas co rural. Ela é a que pretende facer unha Europa libre de fitosanitarios e con diversidade de cultivos de modo que a maneira de producir nos protexa do deterioro do planeta e do cambio climático.

A PAC no seus plans estratéxicos menciona un concepto que vai ser o que nos ocupe que é a Superficie admisible, isto só significa que non toda a superficie vai ser catalogada aos efectos de cobro da PAC, polo tanto moitas das poucas hectáreas coas que conta a Galiza quedan sen recibir as axudas da PAC.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta superficie considerada admisible parece que non ten en conta o valor que aporta aos nosos montes o pasto arbustivo e baixo arboredo, como control para o lume, como mantedor da paisaxe, como garante da pervivencia do modo tradicional de produción gandeira e de pastoreo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Fixo ou vai entablar a Xunta as negociacións precisas para que se recoñeza a singularidade dos pastos arbustivos e baixo arboredo de modo que se poida considerar esta superficie como admisible na súa totalidade?

. Consideran esta necesidade como garantía do mantemento da renda para as persoas dedicadas a esta actividade?

. Recoñecen vostedes este tipo de pastos como imprescindibles para a prevención de lumes nos nosos montes?

. Considéranos necesarios para o mantemento do pastoreo tradicional?

. Valora a Consellería do Medio Rural o benestar animal e o mantemento da biodiversidade provocado polo pastoreo extensivo?

. Merécelle a pena a súa defensa onde sexa pertinente para corrixir a inxustiza que recorrentemente comete a PAC co sistema produtivo galego?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/07/2021 10:30:51

María González Albert na data 06/07/2021 10:30:55

María del Carmen Aira Díaz na data 06/07/2021 10:31:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente ao chegar a época estival os concellos galegos vense na necesidade de procurar socorristas que permitan a apertura e funcionamento das piscinas municipais, que nos meses de verán constitúen un dos principais espazos de esparcemento e lecer da cidadanía nos que mitigar as, cada vez máis elevadas, temperaturas. No interior do país constitúen a principal alternativa (non a única) os rigores climatolóxicos.

Consonte á normativa actualmente vixente, as piscinas de uso público, como norma xeral, haberán dispor, de polo menos un socorrista, se ben, dependendo da superficie da lámina de auga dos vasos ou do número destes e da distancia que os separe, podería cumprir un número máis elevado de socorristas

Dende os últimos anos o cumprimento da medida preventiva indicada está a supor un grande obstáculo para moitos dos concellos do país. Insalvável en non poucos casos e que leva á renuncia de moitos concellos á apertura da piscina municipal, co grande prexuízo que tal implica tal decisión para a poboación do concello. Poboación que na meirande parte dos concellos galegos vese incrementada, nas épocas do verán,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto polo turismo, como polo importante número de emigrantes que veñen pasar os seus días de feiras aos seus lugares de orixe.

O certo é que ano tras ano estamos a ver como os concellos galegos teñen enormes dificultades para cubrir as prazas de socorristas precisas para a apertura das súas instalacións acuáticas, sen que conste a existencia de accións por parte da Xunta de Galiza destinadas a rematar con tal carencia, sen afectar -obviamente- á seguridade das persoas usuarias do servizo.

Máis unha vez as axudas da Xunta de Galiza destinadas á contratación polos concellos de persoal para o servizo de socorrismo chegan unha vez iniciado o verán, o que limita extraordinariamente as posibilidades de contratación e as condicións nas que se poda proceder á necesaria contratación. Resulta evidente que se ate finais de xuño un Concello non coñece as achegas de que vai dispor dificilmente poderá organizar o servizo, e as condicións laborais que poderá ofertar, o que condiciona o aceso do persoal necesario para o funcionamento da instalación acuática. As condicións laborais, a seguridade e fiabilidade na demanda, que permita confiar en posteriores é un elemento determinante na decisión de moitas persoas en investir na capacitación técnica que permita exercer a actividade de socorrismo, como tamén o é a necesaria asunción dos custes formativos de tal capacitación profesional.

Así a escaseza de cursos de formación e o seu elevado custe limita a oferta de persoas capacitadas para o desenvolvemento de tarefas de socorrismo e salvamento que, ante a ausencia de promoción pública de medidas formativas, vese na obriga de realizar importantes desembolsos para adquirir a capacitación necesaria para exercer unha actividade de incerta duración -en todo caso estacional- e con baixas retribucións o que dificulta un eventual retorno do investimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, entendemos que non se pode contemplar como alternativa para o incremento da oferta unha redución na formación e capacitación. O incremento na oferta terá que vir da man da mellora nas condicións laborais e de facilitar o acceso á formación, e non a costa de reducir os coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño da actividade, que o único que permitirá será avanzar na precarización laboral e nunha diminución da seguridade e calidade do servizo de salvamento, co evidente risco que implicaría para as usuarias dos espazos acuáticos.

Son varios os concellos da comarca de Valdeorras que ante a imposibilidade de atopar socorristas renunciaron á apertura das piscinas públicas, advertencia que para futuros anos xa realizaron outros moitos concellos galegos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten constancia a Xunta de Galiza da existencia de concellos nos que a ausencia de socorristas impide a apertura das piscinas municipais?

Considera a Xunta de Galiza que non resolver ate finais do mes de xuño a convocatoria de axudas destinadas aos concellos galegos para contratación de socorristas facilita ás entidades locais a selección e contratación de persoal a tal fin?

Existe algunha razón que xustifique que a resolución non se ditara antes de iniciado o verán?

Cantos cursos para a obtención do certificado profesional de socorrismo subvencionou a Xunta de Galiza no ano 2020 e 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que a duración dos contratos e as condicións laborais ofertadas facilitan dispor de socorristas en todas as piscinas públicas de Galiza?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/07/2021 10:33:22

María González Albert na data 06/07/2021 10:33:27

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2021 10:33:36

Daniel Pérez López na data 06/07/2021 10:33:44



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A posición de Vigo como capital económica de Galicia precisa a planificación, transformación e oferta de solo para actividades produtivas na cidade e na súa contorna. Neste senso, a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico e a ampliación do polígono de Balaídos son dúas accións imprescindibles para garantir o desenvolvemento de actividades produtivas tanto actuais como de futuro. Ampliacións que precisan ser completadas con novas propostas de xeración de solo industrial e de servizos, con renovacións de espazos industriais actuais, como aparece reflectido no documento de borrador de PXOM en tramitación.

A Xunta de Galicia, como responsable da política industrial, planifica e cualifica solo para actividades produtivas no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia. No caso de Vigo, parece axeitado revisar e renovar este plan sectorial, incorporando e axustando as actuacións en coherencia coas planificadas polo Concello de Vigo. Tamén parece imprescindible un papel activo da Xunta de Galicia na oferta e renovación de solo produtivo na cidade que lidera a actividade económica de Galicia.

O día 3 de xuño a conselleira Medio Ambiente visitou a cidade de Vigo e indicou que a modificación do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia permitirá, entre outras actuacións, a ampliación do polígono industrial de Balaídos en máis de 166.000 metros cadrados.

Dende o Concello de Vigo solicitaron á Xunta de Galicia que modifique o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, solicitando que se delimite a ampliación do polígono industrial de Balaídos, dita ampliación é levada a cabo pola Zona Franca e promovida polo Concello de Vigo.

O Grupo Parlamentario Socialista denuncia que nos orzamentos da Xunta de Galicia non existe, nos últimos anos, ningunha partida para crear solo industrial



en Vigo. Se agora o Goberno autonómico pretende crear solo industrial na cidade, ten que indicar ó Concello de Vigo onde o quere. O único que fixo o Executivo galego é dar transferencia ao procedemento solicitado polo Concello de Vigo, sen aportar absolutamente nada na materialización do solo industrial.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia asumir a promoción de solo para actividades produtivas no Concello de Vigo tanto de novas actuacións ou de ampliacións das existentes na revisión do Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia?
2. Vai a Xunta de Galicia a participar na renovación das implantacións empresariais existentes en Vigo, mellorando accesos, servizos, integración, eficiencia e calidade do tecido industrial actual?

Pazo do Parlamento, 5 de xullo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/07/2021 13:07:28

Noelia Otero Lago na data 06/07/2021 13:07:35

Martín Seco García na data 06/07/2021 13:07:44





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a páxina do CRAEGA á produción de carne ecolóxica de becerro na Galiza dedícanse en torno a 150 granxas con certificación.

É sabido que a gandería en ecolóxico leva apareladas unha serie de exixencias que non ten a gandería tradicional. Non só as referidas ao cumprimento das normas marcadas nos distintos decretos europeos e estatais, senón tamén aos trámites burocráticos para acceder á certificación aos que acompañan numerosos gastos para pago de taxas, ou o uso do selo.

Poderíamos achacar á pandemia a baixada de prezos da carne convencional, certificada ou certificada en ecolóxico, mais isto sería pouco achegado á realidade.

Hai un problema xeneralizado a respecto dos prezos da carne que vén dende hai 20 ou 30 anos, xa que se incrementaron os custes de produción sen que isto repercutira no prezo dos becerros que viñan pagándose ao mesmo prezo durante demasiados anos, a COVID o único que veu foi a deixar en evidencia a febleza deste mercado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao explicado no parágrafo anterior debemos sumar as dificultades propias de producir en ecolóxico, os pensos ecolóxicos teñen un custe de 20 ou 30 cts. máis por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo.

Queda evidenciado que a produción en ecolóxico vai unida a unha serie de concepcións vitais de respecto ao medio ambiente, mínima pegada de carbono, mantemento da paisaxe, loita contra o cambio climático e a prol da biodiversidade.

Isto non quita para que unha parte das granxas de produción de carne ecolóxica topen con dificultades importantes ante a falta de posibilidades de comercialización específica para este tipo de carne tendo que saír do circuíto ecolóxico para vender no mercado convencional. En ambos casos o prezo da carne é o mesmo, non hai polo tanto diferenciación económica que retribúa o esforzo produtivo en ecolóxico, dándose casos nos que o prezo da carne convencional é superior ao da ecolóxica.

As canais dos becerros criados en ecolóxico teñen menos peso e menos graxa que o resto, co cal aos prezos máis elevados dos pensos hai que sumarlle menor volume e peso e menos graxa de modo que todo o conxunto repercute na mingua do prezo/kg, dándose o paradoxo de que o esforzo feito leva aparellada unha perda de valor económico non canto de ser ao revés, debido a que a clasificación da calidade da canal se centra no peso, na conformación e no estado de engraxamento e non contempla as desviacións derivadas dos parámetros nutricionais da cría en ecolóxico.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai o Goberno da Xunta tomar medidas para que a produción cárnica galega en ecolóxico poida acadar un prezo acorde que satisfaga os custes de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora?

. Como pensan vostedes resolver a falta de apertura de mercados para a carne ecolóxica galega?

. Van vostedes establecer os mecanismos axeitados para que o feito de producir carne ecolóxica acreditada supoña un beneficio claro para as granxas produtoras acreditadas?

. Teñen avaliado o número de granxas que estiveron acreditadas no CRAEGA e xa non o están e que pode motivar este feito?

. Consideran que o selo do CRAEGA lle aporta valor a esta carne, lle facilita a venda diferenciada nas superficies comerciais e nos mercados de proximidade?

. Como casan estas dificultades coas liñas deseñas no plan estratéxico de agricultura ecolóxica de Galiza e os seus obxectivos?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/07/2021 10:47:56

María González Albert na data 07/07/2021 10:48:04

María del Carmen Aira Díaz na data 07/07/2021 10:48:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a eliminación de profesorado e peche de grupos educativos no CEIP Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Xosé Manuel Folla Respino é o único centro escolar no concello de Vilamartín de Valdeorras; un concello con 1.812 habitantes situado na comarca máis oriental de Galiza. Este centro pechou o 30 de xuño con 21 alumnas e alumnos matriculados para o curso 21/22, o que levou á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a anunciar a eliminación de todas as prazas de profesorado especializado que estaban vinculadas ao centro.

Así, un centro que a día de hoxe contaba con 4 profesionais pasará, se ningún o remedia, a principiar o curso en setembro con só 2 profesores e medio perdendo polo camiño todo o profesorado especialista o que levará, entre outras cuestións, á perda do director do centro que está especializado en educación física.

Este feito trae consigo un inevitábel proceso de deterioro da calidade do ensino ao propoñerse para o próximo curso a existencia de só dúas aulas de infantil e primaria. Unha que acollería a todo o alumnado de infantil unido ao de 1º de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Primaria (con 9 nenas e nenos) e unha segunda aula que unificaría ás nenas e nenos de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria. Este último grupo unirá cun único docente a rapaces de entre 6 e 12 anos. Deste xeito resulta evidente que a atención escolar decaerá de xeito acusado.

